

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 24 de outubro de 2014
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e catro de outubro do ano dous mil catorce, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández, vicepresidente 1º, en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Non asisten á sesión os deputados provinciais don Antonio Montero Fernández e don José Antonio Feijóo Alonso.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2014.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día dez de outubro de dous mil catorce, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL SPECIAL OLYMPICS GALICIA.- No Pleno de data 29 de xullo de 2014 acordouse aproba-lo expediente nº 4/2014 de modificación das bases de execución do orzamento, destinando unha subvención de 10.000,00 euros a favor da Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia, para a celebración da actividade “Xornada de convivencia no Carballiño 2014”, con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/480.01.

Unha vez incorporado o remanente de crédito ó orzamento correspondente ó ano 2014, vista a solicitude de subvención formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación de padres, profesionais e

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 24 de outubro de 2014

amigos de personas con discapacidade intelectual Special Olympics Galicia, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 €.

-Obxecto: celebración da actividade “Xornada de convivencia no Carballiño 2014”.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 1 de decembro de 2014

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á AGRUPACIÓN CORAL DE RUADA.-

Primeiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno de data 8 de setembro de 2014, concedéuselle á Agrupación Coral de Ruada unha subvención por importe de 6.000,00 euros para os gastos de funcionamento da entidade correspondentes ó ano 2014.

Segundo.- No Pleno de data 26 de setembro de 2014 acordouse aproba-lo expediente nº 5/2014 de modificación das bases de execución do orzamento, destinando unha subvención de 2.000,00 euros a favor da Agrupación Coral de Ruada, para os gastos de funcionamento da entidade correspondentes ó ano 2014, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.05.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 24 de outubro de 2014

proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Agrupación Coral de Ruada, nos seguintes termos:

-Importe: 2.000,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ó ano 2014.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 1 de decembro de 2014.

4.- APROBACIÓN DAS BASES DO PREMIO OURENSANÍA 2014.- Coa finalidade de outorgarlles un recoñecemento honorífico a aqueles/as ourensáns/ourensás que teñan destacado ao longo do ano nas súas facetas profesionais, sociais ou intelectuais, mediante acordo da Xunta de Goberno do 2 de novembro de 2012, creouse o premio denominado “Premio Ourensanía”.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda**:

1º.- Aprobar as bases do Premio Ourensanía 2014, nos seguintes termos:

I.- OBXECTO.-

O obxecto do Premio Ourensanía é o de outorgarlles un recoñecemento honorífico a aquelas persoas nadas en Ourense ou que teñan unha especial vinculación coa provincia de Ourense e que teñan destacado nas súas facetas profesionais, sociais ou intelectuais.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 24 de outubro de 2014
II.- XURADO.-

Desígnase un xurado para a concesión do premio, integrado polas seguintes persoas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense.

Secretario: D. Antonio Piñeiro Feijóo, secretario da Fundación Curros Enríquez.

Vogais: D. Luis González Tosar, presidente do PenClube de Galicia.
 D. Virxilio Rodríguez Vázquez, vicerreitor do Campus de Ourense da Universidade de Vigo.
 D. Jesús de Juana López, director da UNED de Ourense.
 D.^a Eva Torres Rodríguez, directora do Museo Municipal de Ourense.
 D. Miguel Anxo Fernández Fernández, profesor de Comunicación Audiovisual da Universidade de Vigo.
 D. José Antonio Vázquez Taín. Maxistrado. Premio Ourensanía 2012.
 Fr. José Rodríguez Carballo, OFM, de Lodoselo (Sarreaus). Arcebispo de Belcastro. Premio Ourensanía 2013.
 D. Juan Luis Saco Cid. Vogal da Fundación Otero Pedrayo.

O xurado reunirase a proposta do seu presidente. Calquera membro do xurado poderá propoñer candidatos ao Premio Ourensanía, resolvéndose o dito premio polo xurado por maioría.

De cada reunión do xurado redactarase a acta correspondente, que redactará o secretario do xurado.

III.- PREMIO.-

O premio outorgado consistirá na entrega dun diploma acreditativo nun acto público, que se comunicará oportunamente.

2º.- Publicar este acordo no BOP de Ourense, para xeral coñecemento.

5.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DAS FEDERACIÓNS OU AGRUPACIÓNS DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE OURENSE CORRESPONDENTES Ó EXERCICIO 2014.- No Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 12.00 horas do día 30 de setembro de 2014, reuniuse a comisión de valoración

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 24 de outubro de 2014
--

do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento das federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ó exercicio 2014 (cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP n.º 176, do 31 do 2 de agosto de 2014) integrada conforme co establecido na base 7ª da dita convocatoria. En dita sesión formulouse proposta provisional do concurso.

Con data 2 de outubro de 2014 someteuse esta proposta provisional de resolución a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 84 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación e coa base sexta da convocatoria.

Durante o prazo concedido non se presentou ningunha alegación polo que, de acordo co disposto na base sexta das que regulan a convocatoria, a proposta provisional considérase definitiva.

Baseándose no anteriormente exposto, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Concederlles subvención ós solicitantes que se indican no cadro seguinte, nas contías que tamén se sinalan, de acordo coa proposta da comisión de valoración:

SOLICITANTE	CIF	PROXECTO	CONTÍA SUBVENCIÓN (€)
FEDERACIÓN DA AAVV OURENSE LIMIAR	G32226276	GASTOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO E REPRESENTACION	21.300,00.-
AGRUPACIÓN DE AAVV MIÑO	G32408023	FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES 2014	19.000,00.-
FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MULLERES RURAIS AS BURGAS	G32362816	FUNCIONAMENTO DA FEDERACIÓN	1.400,00.-
FEDERACIÓN DE AAVV DO CARBALLIÑO	G32247926	FUNCIONAMENTO FEDERACIÓN (ÚLTIMO TRIMESTRE)	8.300,00.-

2º.- Publicar este acordo no BOP, para xeral coñecemento.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 24 de outubro de 2014
--

5.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

6.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e catro de outubro do ano dous mil catorce, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,